

"Percorrín toda a Galicia rural, non fixen o Camiño pero case"



ALBERTO VILAS (/AUTHOR/ALBERTO-VILAS)

25 OCTUBRE 2019 19:17 H.



MÚSICA (/TAGS/MUSICA)

O COUREL (/TAGS/O-COUREL)

MÚSICA TRADICIONAL (/TAGS/MUSICA-TRADICIONAL)

GALICIA (/TAGS/GALICIA)



Dorothe Schubarth (Basilea, 1944), no instituto da Lingua Galega, onde recibiu a El Progreso. PEPE FERRÍN (AGN)

A musicóloga suíza Dorothe Schubarth chegou de nova a O Courel de vacacións e ficou 8 anos en Galicia prendada pola riqueza do seu folclore, que recolleu no *Cancioneiro popular galego*



Dorothe Schubarth é suíza, pero falando con ela calquera diría que é **da Fonsagrada**. Ou **da Estrada** ou **da Costa da Morte**. O seu galego é unha mestura moi melódica de todas as variantes que foi colleitando durante a súa viaxe pola comunidade, tras o que deu a luz o ***Cancioneiro popular galego***, considerado a biblia da música folclórica da terra. Porque no seu periplo de oito anos por Galicia -entre 1978 e 1986- Dorothe adicouse, ante todo, a escoitar, tanto a fala da xente como as cantigas e as gaitas, é dicir, a música do pobo galego; ese que lle agradece o seu labor nomeándoa Mestra da Memoria, un galardón que a musicóloga recolle este venres en Lugo e quere "compartir con todas as persoas que fixeron posible o ***Cancioneiro***".

Adóitase dicir que nada mellor que alguén de fóra para apreciar o noso, e iso é exactamente o que pasa con Dorothe. Ninguén soubo captar con tanta sensibilidade e acerto o noso folclore coma ela, que cando chegou á comunidade a finais dos setenta era unha rapaza de longa cabeleira loira que, a pesar de non entender nin pinga de galego, recorda que se movía con decisión polos "camiños e corredoiras" dunha Galicia que ía con retraso nunha España que naquela comezaba a espertar tras a ditadura. E recordemos que a vida da musicóloga non se desenvolvía en **A Coruña** ou **Vigo**, senón nas aldeas de **Mazaricos** ou **Ribeira de Piquín**. Pero ela non se apouvigarba porque era unha muller de mundo, algo no que quizáis infuía que nacera en Basilea, enclavada nun vértice entre Suíza, Alemaña e Francia.

“*Notei que en Galicia a música seguía máis arcaica que noutros sitios, máis evolucionados, e iso fai máis sinxelo que poidas chegar ás raíces*”

Dorothe fala baixinho e pausado, e non é unha referencia á súa profesión senón unha verdade dicir que a súa entonación é moi musical. O seu sorriso ilumínase cando recorda a súa estadía en Galicia, onde chegou de vacacións nun percorrido por España tras deixar atrás Andalucía e Valencia. "Algo distinto viu aquí para que se quedase oito anos, non?", pregúntalle un servidor. "As raíces", contesta. E explica: "Notei que en Galicia a música popular seguía máis arcaica, menos influenciada por outras músicas posteriores. Nun lugar máis evolucionado é máis difícil chegar ás raíces".

“*“Detrás de 'Cancioneiro' hai moitísimas xente á que lle adico o premio e todos os méritos que acade o libro”*”

”

Dorothe era nova -tiña pouco máis de trinta anos cando chegou-, pero non se pode dicir que fose inexperta en musicoloxía, pois xa ocupaba a cátedra de harmonía e contrapunto na Academia de Música de Lucerna, e percorrera boa parte dos Balcáns e o Cáucaso estudando o seu folclore. Así que pensou en facer o mesmo en Galicia, que recoñece que xa lle chamaba a atención de antes por ser «o rincón ao final do mundo vello».

E arrincou o seu periplo pola provincia de Lugo, concretamente na parte máis alta e oriental: a **serra do Courel**. Desde alí penetrou cara ao corazón de Galicia -pasou unha longa tempada en **O Deza**- como a música das cantareiras adentrábase nos seus oídos e na cinta da súa gravadora. En total, chegou a recopilar arredor de 5.000 letras distintas que non podería ter transcrito de non ser pola axuda do fonsagradino **Antón Santamarina**, catedrático de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago (USC) que axudou a Dorothe a entender aquelas voces que escoitaba, pero que moitas veces non comprendía. Non en van, o nome deste filólogo -"e amigo" seu, apunta- figura como o de coautor do **Cancioneiro**, que no seu día foi deitado co mecenazgo da **Fundación Barrié**.

OS CATRO COSTADOS DE LUGO. A musicóloga percorreu "moitos quilómetros" por Galicia, "ás veces en bus, outras en tren e tamén en coche cando me podían levar, pero sobre todo camiñando. "Non fixen o Camiño, pero case", bromea. En Lugo transcorreron os compases iniciais da súa viaxe e alí voltou despois de coñecer outros rincóns da comunidade. Visitou a provincia polos catro flancos, desde Viveiro a Carballido e desde Palas de Rei ata Pedrafita do Cebreiro.

Tamén visitou **O Vicedo, Xove, Pastoriza, Castro de Rei, Pol, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, Chantada, O Saviñao, Paradelá, O Incio e As Nogais**.

O resultado da viaxe foi moi satisfactorio, pois atopou "máis riqueza na música popular" da que se esperaba "nun principio". "Todas as zonas" sorprendéronlle, se acaso "algo menos" a provincia de Pontevedra, "aínda que ten lugares con moita tradición oral como **A Estrada** ou **Cuntis**", subliña. Todas as gravacións realizadas atópanse almacenadas en 248 cedés no Arquivo Galego da Música, ás que calquera pode adicar unha escoita máis que recomendable. Unha achega á labor a Dorothe é coñecer o noso pasado, indispensable para saber cara onde ir.

"A tradición oral estase a perder nos tempos que corren"

A música popular como a que Dorothé recompilou nos seus oito anos en Galicia está en risco de desaparecer, se mesmo algunha non o fixo xa. Iso é o que sostén a musicóloga, que admite que "nos tempos que corren, en que lemos todo e escribimos, como pasa en internet, cada vez hai menos tradición oral, e iso é moi negativo para a música tradicional".

Schubarth concorda en que as novas formas de comunicarse, como as redes sociais, non maridan ben cos relatos e cancións que, cada vez menos, pasan dos avós aos netos.

De feito, asegura que na música popular galega xa se perdeu "a entonación que a caracteriza, cun certo tono de tristeza e tamén algúns ritmos que xa case non se usan", se ben di que "aínda estamos a tempo de recuperalos".

Unida a Galicia

A día de hoxe Dorothé reside na súa Suíza natal, pero case unha década en Galicia esperta certa morriña, que ela cura voltando con asiduidade. Onte visitou Santiago e hoxe tócalle a Lugo, onde conserva moitos amigos.